

# BEGONTE, BELÉN INFINITO

VINTEDOUS

- Deus, papá, este é máis grande que o noso!

Cos ollos de Lauriña alumeando a inocencia dos catro anos, e os meus beizos sorrindo pola ocorrencia da cativa, cumpro coa miña cita, coa obriga que me impoño dende que eu mesmo tiña a súa idade, dende que os meus avós ou pais dicían aquilo de “imos a ver ao neno máxico”. E iamos a velo. Ao neno Xesús, claro, non a Harry Potter, que este viu a luz dous mil anos despois.

Pois iso era e é para min, maxia. O feitizo dun nacemento infinito, dunha paixón artellada con figuríñas e o corazón dun xenio, dun agasallo feito para os ollos e pensado para os sentidos. A estrela, que, xemelga á dos magos de Oriente, marca o camiño cara o Nadal, e dirixe os nosos pasos pola senda da tradición cultural e da fe nese neno que deixou para sempre a súa pegada na Historia da Humanidade.

- Olla, papá. Alí, alí! Está a pescar unha troita no río! E aló, un muíño, que bonito é, e os porquiños, e o cura, e o carpinteiro... E non se queimarán co lume?

Volvo a rir, pero mira que levo anos vindo e sempre me agachan algunha sorpresiña máis. Hai que ser un verdadeiro experto begontiniano, permítaseme a expresión como aquela dos escribidos de Camilo Xosé Cela, para atopar as novidades que en cada edición nos preparan os mestres do Nadal e da ilusión. E aí comeza o xogo, xoguemos.

Quizais doutra o castelo alzábase máis a dereita, ou o home que leva a palla camiñaba cara a lavandeira, non estaba o tomeiro preto desa casaña?

Tentareino de novo, tentarei no vindeiro ano acordar tódolos personaxes, os carreiros, as palleiras, a ver se os zoqueiros seguen preto das árbores, a ver se eses dous homes seguen a serrar no toro no mesmo lugar, ou o forno cocendo, ou as candeas refulxindo naquelas cabanas. E aínda que os ollos loiten por permanecer abertos, pechareinos. E ao pechalos poderei sentir o espírito do que ata agora vin, escoitarei o son da serra, os trinos dos paxaros, o rebumbio da auga na lagoa, e o roce das pedras do muíño, as pingas de choiva trala treboada, e o canto do grilo. Sentirei na pel o calor do abrente de sol, o frío do inverno e a humidade da néboa; sentirei como toma o relevo a raíña da noite, a lúa meiga, e como as súas irmás as estrelas cantan as nanas ao neno do carpinteiro.

Volto a mirar e deixo que a imaxinación voe como unha pomba, orgullosa, bela, libre. E parece-me que o neno que xa adoran os reis reclama o leite a María, que o galo anuncia un novo día, que o centurión romano berra aos seus lexionarios para que formen de seguida. E fico co romano, admiro a

súa estampa de heroe e a súa capa vermella, e penso mirando de paso para o castelo, o que ocorrerá cando o neno se faga home. Pero iso xa é outra historia.

Esperto do sono e sinto a man da miña filla apertando con forza, e sei o que significa esa maneira de agarrarme, vexo nos seus ollíños o que sente o seu corazón limpo e tranquilo.

- Cando voltamos?

Resposta sinxela, cando as néboas de Santa Lucía volvan asomar pola provincia. Cada ano voltarás co teu pai, como el o fixo cos seus avós, e ata virás cos teus fillos como fixeches comigo. E aí reside a verdadeira maxia, o feitizo, a infinidade do milagre de Begonte, porque o seu agasallo é unha herdanza que vai de xeración en xeración coma un tesouro. Non é de ouro, nin de pedras preciosas; é dos sentimentos, da ledicia, da mestría que nace nas mans dos artesáns que imaxinan semellante obra de teatro a pequena escala; unha xoia que medra no interior de cada un de nós ata facernos sorrir e sentir, ata facernos soñar.